

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O COLEXIO DE EDUCADORAS E EDUCADORES DE GALICIA (CEESG) POLO QUE SE ENCOMENDA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO *ALOUMIÑOS*

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, o Servizo Galego de Saúde, representado por don Antonio Gómez Caamaño en calidade de Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, con domicilio no Edificio Administrativo de San Lázaro, avenida de San Lázaro, s/n, 15703, Santiago de Compostela (A Coruña) e NIF Q65500006H, en virtude das facultades que lle confire o artigo 34 da Ley 1/1983, do 22 de febreiro, de Normas Reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra parte, dona Sonia María González Rodríguez, na súa condición de Presidenta do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (en adiante, CEESG) e NIF Q1500270-B, creado por Lei 1/2001, do 22 de xaneiro, de Creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia, actuando en nome e representación do mesmo, de conformidade co artigo 37 dos seus Estatutos.

Ambas partes recoñécense plena capacidade para formalizar o presente Convenio, e na súa virtude

MANIFESTAN

Primeiro.- Que o Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo creado pola Lei 1/1989, de 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, que ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, modificada pola Lei 1/2018, do 2 de abril.

Segundo.- Que o CEESG é unha Corporación de Dereito Público, de ámbito autonómico, que se rexe polo disposto no artigo 36 da Constitución Española, na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais, na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia e nos seus propios Estatutos aprobados por Decreto 230/2006, do 30 de novembro, polo que se aproban os Estatutos do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

Que o CEESG ten como competencias propias o ordenamento do exercicio da profesión, a súa representación exclusiva, a vixilancia do exercicio da profesión, velar polo axeitado nivel de calidade das prestacións profesionais das persoas colexiadas. Tamén son funcións propias do CEESG o fomento da promoción e desenvolvemento técnico da profesión e o servizo da profesión á sociedade.

Terceiro.- As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público (LRJSP).

Cuarto.- Que entre os medios que a LRPJSP pon ao dispor das Administracións Públicas para o cumprimento dos seus fins e para o exercicio das súas competencias poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Quinto.- Que o Servizo Galego de Saúde impulsa o proxecto Aloumiños, de prevención da soidade non desexada, a través da promoción de hábitos e contornas saudables, creando espazos de benestar para toda a poboación, buscando, entre outros beneficios, o aumento da calidade de vida e o benestar asociado ás relacións interpersoais e o apoio social, a diminución dos sentimentos de soidade, a mellor adherencia aos tratamentos así como unha menor frecuentación dos servizos sanitarios.

O proxecto atópase aliñado cos obxectivos do *Plan de Acción de Salud Mental 2022-2024 de la Estrategia de Salud Mental del SNS*, plan que se prorroga no ano 2025, en concreto na liña 3 (sensibilización y la lucha contra el estigmatización en salud mental, con el objetivo de promover cambios en la percepción y las actitudes sociales que favorezcan la integración y la participación social de las personas con problemas de salud mental), así como na acción 3.1 (Realización de campañas para la promoción de la salud mental, especialmente referente a la lucha contra el estigma y la prevención de la conducta suicida).

Sexto.- Que este proxecto pretende, desde a intervención comunitaria, incidir na promoción do envellecemento activo e saudable, para o mantemento e a promoción da saúde e o benestar, empregando como recurso esencial os propios activos da comunidade coa que se traballa. É a adaptación e extensión a diversos centros de saúde de toda Galicia do programa SALUBRÍZATE <https://www.sergas.es/sociosanitario/salubrizate?idioma=é> organizado desde 2018 na contorna comunitaria de Ourense desde o Centro de Saúde Nóvoa Santos.

Sétimo.- Que este proxecto implantarase nas comarcas de Galicia con maior índice de suicidio segundo a referencia do risco estimado de mortalidade por suicidio elaborado no "Atlas Nacional de mortalidad en España del grupo Bayensians da Fundación para el

Fomento de la Investigación Sanitaria y biomédica de la Comunidad Valenciana (FISABIO) (<http://andees.fisabio.san.gva.es>)”.

En concreto, poñerase en marcha nos seguintes concellos por comarcas e o lugar que ocupan no ranking RME (Razón de Mortalidade Estandarizada suavizada):

- COMARCA DE ORDES: Cerceda (1), Ordes (2), Tordoia (11) e Trazo (19).
- COMARCA DE BERGANTIÑOS: Laracha (8), Coristanco (9), Carballo (29) e Val do Dubra (34).
- COMARCA FERROL/ORTEGAL: As Somozas (4), Moeche (6), Neda (7) e San Sadurniño (12).
- COMARCA DE A CORUÑA/ORDES: Abegondo (14), Mesía (15), Frades (16) e Carral (17).
- COMARCA DE MEIRA: A Pastoriza(5), Pol(10), Riotorto (24) e Meira(28).

Oitavo.- O CEESG cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiaria recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo isto, dadas as razóns de interese público que constitúen o seu obxecto, e de acordo co previsto nos artigos 19.4 a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, todas as partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o CEESG para a posta en funcionamento do Proxecto Aloumiños, desenvolvendo unha serie de actividades no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia cos seguintes obxectivos:

- a) A contratación dos profesionais que levarán a cabo a coordinación do proxecto Aloumiños, impulsado dende a Subdirección xeral de Atención á Saúde Mental do Servizo Galego de Saúde. A entidade contratante é o CEESG.
- b) Minimizar os efectos da soidade non desexada, mellorando a saúde física e psíquica, e por tanto, a calidade de vida tanto das persoas que a padecen como da poboación en xeral. Búscase, da mesma maneira, actuar en rede unindo sinerxias (entre administracións, institucións sanitarias, entidades do terceiro sector e cidadanía) para a promoción da saúde e o benestar comunitario, así como favorecer o empoderamento mediante a participación e o protagonismo das persoas en relación á súa saúde e na comunidade.
- c) A implantación do proxecto nas comarcas de Galicia cun maior índice de suicidio seguindo a referencia do risco estimado de mortalidade por suicidio elaborado no Atlas Nacional de mortalidade en España do grupo Bayesians da *Fundación para el Fomento de la Investigación Sanitaria y biomédica de la Comunidad Valenciana (FISABIO)*.

Nestes concellos formaranse grupos compostos por persoas en situación de soidade non desexada detectados dende os Centros de Atención Primaria para desenvolver os obxectivos perseguidos, que estarán dirixidos por persoal especializado para a realización, entre outras, das seguintes actividades:

1. Sesións de benestar emocional.
2. Fomentar as relacións veciñais e o acompañamento das persoas que vivan soas en situación de soidade non desexada.
3. Charlas e obradoiros para traballar diferentes temáticas como o envellecemento activo, o apoio social ou a abordaxe da soidade non desexada, co obxectivo de identificar situacións de soidade non desexada e recoñecer e traballar as emocións asociadas a ela, profundizando en cuestións como as consecuencias da soidade non desexada, facilitando estratexias para afrontar este tipo de situacións e fomentando as interaccións interpersoais.
4. Sesións de actividades de ocio e tempo de lecer saudable.

Segunda.- Obrigas do CEESG

O CEESG comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, exige aos beneficiarios e acepta ademais os seguintes compromisos:

- a) Aceptar e colaborar coas medidas establecidas polo Servizo Galego de Saúde para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe o presente convenio.
- b) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas polo Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental.
- c) Remitir ó Servizo de Atención á Saúde Mental, Integración Psicosocial e Trastorno Mental Grave da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, detalle das actividades realizadas, con periodicidade mensual.
- d) Comunicar calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal. Os gastos derivados destas variacións soamente serán subvencionables desde a data da comunicación efectiva e, en ningún caso, terán efecto retroactivo.
- e) Comunicar, en todo momento, á Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental, calquera modificación nas datas, no horario e nos lugares previstos para o desenvolvemento das actividades do convenio. Os gastos derivados destas variacións soamente serán subvencionables desde a data da comunicación efectiva e, en ningún caso, terán efecto retroactivo.
- f) Axustarse á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como á normativa de desenvolvemento desta; á normativa concordante na materia e ás instrucións do Servizo Galego de Saúde sobre esta materia.
- g) O CEESG prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.- Orzamento

O Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar a cantidade de cento vinte e sete mil euros (127.000 €) con cargo a aplicación orzamentaria 50.01.413A.481.34, co código de proxecto 2022 00004, consignada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, derivados da posta en marcha e funcionamento das accións formativas previstas neste convenio.

Cuarta.- Compatibilidade das axudas

A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

O importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos, non poderá superar o custo da actividade subvencionada.

Quinta.- Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto do convenio. Para estes efectos, serán os realizados entre o 1 de marzo de 2025 ata o 30 de novembro de 2025, que foran efectivamente pagados con anterioridade ou no mesmo día da finalización do período de xustificación, salvo aqueles gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo, e que contén coas seguintes características:

- a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.
- b) Que teñan a seguinte natureza:



b.1) Gastos do persoal da entidade: custo total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social e IRPF. Unicamente será considerado gasto de persoal subvencionable o de aquel persoal que figure relacionado na Memoria Explicativa do programa, e na porcentaxe imputada ao mesmo que se corresponda co número de horas adicadas ao programa indicadas na antedita memoria, excepto que por necesidades derivadas da realización do programa ou actividade, debidamente xustificadas, sexa necesario modificar esta.

No caso das pagas extraordinarias poderase imputar a parte proporcional dos meses e horas imputadas de esas nóminas ás actividades do programa.

b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das contías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non superen no seu conxunto o 3% do importe total subvencionable do convenio excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe.

O importe subvencionable de cada axuda de custo ou gasto de viaxe será, como máximo:

ALOXAMENTO	77,78 €
MANUTENCIÓN	44,09 €
KILOMETRAXE	0,26 €/KM

b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio.

Os gastos de alugamento así como os correntes de subministracións (auga,luz..) non poderán ser imputados ao 100% agás que se certifique que ese gasto corresponde de xeito exclusivo á realización da actividade do programa subvencionado. No caso contrario soamente se poderá imputar unha porcentaxe proporcional ao custo do desenvolvemento do programa sobre o orzamento da entidade.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

b.4) Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades.

As dúbidas en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente Convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto dependentes do CEESG e a Xunta de Galicia, de tal xeito que, por este concepto non se lle poderá esixir a esta administración ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

Sétima.- Pagamentos anticipados e parciais

O pagamento da contía establecida na cláusula terceira farase mediante os seguintes procedementos:

Pagamentos anticipados: Logo da sinatura do convenio, e sempre que a actividade comezase previamente, poderase efectuar un pago anticipado, segundo o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, presentando por parte do CEESG:

- A solicitude do pago anticipado.
- Declaración responsable segundo o modelo que se xunta como Anexo 3. O dito

Anexo presentarase ademais, debidamente actualizado, en cada unha das xustificacións parciais, no seu caso.

Pagamentos parciais: poderanse realizar pagamentos parciais a conta da liquidación definitiva, de carácter voluntario, segundo o artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados no seu caso concedidos, non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio.

De acordo co artigo 65.4 do citado decreto, os pagamentos anticipados e os pagamentos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

A data límite para a presentación da solicitude da documentación xustificativa dos pagamentos parciais será o 31 de Outubro de 2025.

Pagamento Final: A xustificación final ten carácter obrigatorio e realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas neste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como nos artigos 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A porcentaxe da subvención que reste por pagar tras a realización dos pagamentos parciais e do pagamento anticipado, de ser o caso, non se fará efectiva ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada.

A xustificación final deberá presentarse con data límite e improrrogable do 10 de decembro de 2025.

Oitava.- Xustificación final

1. A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007,

do 13 de xuño, así como nos artigos 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, achegando a seguinte documentación:

- a) Orixinais dos xustificantes de gastos ocasionados e da documentación acreditativa dos pagos realizados no desenvolvemento das actividades obxecto do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos segundo o modelo do Anexo 2.
- b) Declaración dos programas realizados e financiados con este convenio indicando o custo total repercutido para a entidade.
- c) Certificación do CEESG onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, e que foron debidamente aboados.
- d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto ou programas, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

2. A documentación da xustificación final deberá presentarse coa data límite e improrrogable do 10 de decembro de 2025.

3. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio, indicarse a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.

4. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente. Con carácter excepcional e en supostos debidamente xustificados e motivados, poderá aceptarse a xustificación de pago mediante recibín do provedor para gastos de escasa contía inferiores a mil euros (1.000,00 €).

5. A documentación xustificativa dirixirse á Subdirección xeral de Atención á Saúde Mental, que emitirá informe favorable de ser conforme. No caso de apreciarse defectos

emendables na xustificación presentada, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez días para a súa corrección.

6. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Novena.- Memoria final

Con data límite do 15 de xaneiro de 2026, o CEESG deberá achegar á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria unha memoria final das actividades realizadas obxecto deste convenio, segundo o modelo que se xunta como Anexo 1 e empregando a sede electrónica, tal e como se indica na cláusula décimo primeira.

Décima.- Remisión da documentación

Para a remisión da documentación relativa a este convenio, asinada electronicamente, empregarase a sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado "PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO" (PR004A)", dirixíndoas á atención da Dirección xeral de Asistencia Sanitaria.

Décimo primeira.- Protección de datos

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de protección de datos), o Colexio Oficial de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia en calidade de encargado do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta do Servizo Galego de Saúde, en calidade de Responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo, adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

Décimo segunda.- Comisión mixta paritaria

Constituírase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dous representantes do CEESG.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será o competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo terceira.- Natureza do convenio

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en todo o que non se opoña á lei.

Décimo cuarta.- Réxime de infraccións e sancións

Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que averse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décimo quinta.- Réxime de rexistros, transparencia e bo goberno

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

Décimo Sexta.- Vixencia

O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2025.

Décimo Sétima.- Publicidade

O CEESG comprométese a incluír en tódolos documentos e accións de difusión e información do programa tanto publicacións (artigos científicos , material de divulgación) como contornos dixitais (webs, etc), o logotipo da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) e do Servizo Galego de Saúde, e indicando que o programa é financiado en virtude deste convenio de colaboración, segundo o establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo Oitava.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade asíñase polas partes este convenio en duplicado exemplar no lugar e data enriba sinalados.

O Conselleiro de Sanidade e
Presidente do Servizo Galego de Saúde

A Presidenta do Colexio de Educadoras e
Educadores Sociais de Galicia

Antonio Gómez Caamaño

Sonia Maria Gonzalez Rodríguez

ANEXO 1: MEMORIA FINAL

1.- Características básicas do programa: data de inicio, poboación de referencia,

2.- Actividades :

- Número de usuarios distintos atendidos no ano, distribuídos por sexo e provincia.

- Número de intervencións realizadas, desagregadas por :

Primeiras consultas

Sucesivas ou revisións

Consultas específicas: Neurofeedback, Psicoterapia ou outras

- Número de pacientes dados de alta do programa.

- Relación dos diagnósticos dos pacientes atendidos segundo criterios DSM V ou CIE 10

- Número de persoas e de ingresos hospitalarios, distribuídos por sexo, días de estancia, e diagnóstico que o motiva.

- Modo de promoción do programa e alcance.

3.- Balance de ingresos e gastos do programa.

4.- Reclamacións presentadas polos usuarios e as respostas ás ditas reclamacións.

ANEXO 3 : DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE					
RAZÓN SOCIAL					NIF
TIPO	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	PISO	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	MUNICIPIO	LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	PÁXINA WEB DA ENTIDADE		
DATOS DO REXISTRO ADMINISTRATIVO NO QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do Rexistro e número de inscrición).					
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calqueira medio válido en dereito)					
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	
EN CALIDADE DE					
DATOS BANCARIOS					
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada, onde se realizará o abono da subvención.					
TITULAR DA CONTA			NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)		
			IBAN		
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:					
1. Que a entidade beneficiaria, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes:					
a) Non están incursas en ningún dos supostos incluídos no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser perceptoras dos pagos anticipados.					
b) Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.					
c) Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.					
2. Que de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, declara que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requerida e que se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o tempo de vixencia do convenio.					
3. Que en relación con outras axudas obtidas ou solicitadas:					
<input type="checkbox"/> Non obtivo outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para os que se obtivo esta subvención.					
<input type="checkbox"/> Sí obtivo outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para os que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan:					
ORGANISMO	IMPORTE (€)	DATA DE CONCESION	DISPOSICION REGULADORA		
<input type="checkbox"/> Non solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para os que obtivo esta subvención.					
<input type="checkbox"/> Sí solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para os que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan:					
ORGANISMO	IMPORTE (€)	DATA DE SOLICITUDE	DISPOSICION REGULADORA		
Así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 11, letra d), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comprométese a comunicar inmediatamente a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades ou programas subvencionados a través deste convenio, a partir da data desta declaración.					
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE					
Lugar e data					